

## **BASES ESPECÍFICAS DE SELECCIÓN PERSOAL COMPLEXO CIVICO-DEPORTIVO DE COSTADEMONTE (SOCORRISTAS ACUÁTICOS)**

1ª) Teñen por obxecto as presentes Bases regulamentar o trámite para seleccionar e contratar a un socorrista acuático para as piscinas do Complexo Cívico - Deportivo de Costademonte durante a Tempada de verán de 2023.

2ª) Contratación laboral coas seguintes características:

*Ocupación: socorrista Grupo de Cotización: 9.*

*Servizo denominado: Servizo de salvamento e socorrismo.*

*Xornada: Completa (100%). O horario será fixado en atención ás necesidades do servizo.*

*Retribucións: 1.260 € brutos ó mes, incluídas a parte proporcional as pagas extras.*

*Duración: 2 meses.*

*Ámbito: No termo municipal do Concello de Amoeiro*

*Funcións: Levará a cabo actividades de socorrista no complexo das piscinas durante a campaña de verán.*

### **CONDICIÓNS E REQUISITOS**

Os solicitantes deberá de reunir os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do carné oficial de Socorrista acuático ou ter presentada a solicitude para a súa obtención en 2023.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida a realización do servizo, xustificado a través de Certificado Médico ou Informe Médico ou Declaración xurada de aptitude física e psíquica.
- Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

### **PROCESO SELECTIVO: CONCURSO.**

O concello solicitará os/as candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postas de traballo mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados para o efecto facendo referencia ós requisitos e características que



deben reunir os candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS ASPIRANTES, DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS:

Os/as candidatos/s **deberán presentarse, na data e hora fixada** (publicada sede electrónica do Concello de Amoeiro) nas dependencias municipais, co DNI, e a documentación seguinte:

1. Fotocopia do DNI ou, no seu caso, pasaporte.
2. Fotocopia da tarxeta sanitaria.
3. Fotocopia dos Documentos acreditativos da titulación esixida na convocatoria (Título de socorrista en salvamento e primeiros auxilios).
4. ANEXO I: Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación.
5. ANEXO II: Criterios sociais de integración laboral.
6. Resto de documentación acreditativa dos méritos valorables.

Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente na data e hora fixada.

A acreditación dos méritos por parte dos/as aspirantes acomodarse ao establecido nas Bases Xerais de Contratación do Persoal Temporal aprobadas e expostas na sede electrónica do Concello (<https://amoeiro.sedelectronica.es/board>).

4ª) MÉRITOS AVALIABLES E VALORACIÓN.- Ata un máximo de 10 PUNTOS.

### **4.1.- Criterios sociais de integración laboral.**

### **4.2.- Cursos relacionados coas funcións directas propias do posto de traballo.**

### **4.3.- Coñecemento do idioma galego.**

### **4.4.- Entrevista persoal.**

A valoración de méritos faise na coordinación necesaria entre as previsións das Bases Xerais de Contratación do Persoal Temporal aprobadas e expostas na sede electrónica do Concello (<https://amoeiro.sedelectronica.es/board>)

Tendo en conta o antedito, os criterios de selección serán os seguintes:



## FORMACIÓN:

### 4.1.- Criterios sociais de integración laboral (ANEXO II).

Valorarase 0,5 puntos por atoparse nalgunha ou nalgunhas das situacións que se relacionan, ata un máximo de **5 puntos**.

- a) *Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.*
- b) *Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- c) *Persoas paradas de longa duración.*
- d) *Persoas con discapacidade.*
- e) *Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.*
- f) *Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- g) *Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*
- h) *Menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias*
- i) *Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e filias menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.*

A acreditación das circunstancias expresadas requirirá a presentación dos documentos correspondentes que se expresan no ANEXO III.

### 4.2.- Cursos relacionados coas funcións directas propias do posto de traballo, cun máximo de 3 puntos:

Valoraranse os cursos de formación e titulacións sempre que o seu contido estea directamente relacionado coas funcións descritas no posto a cubrir.

A formación e titulación requiridas para ser admitido no proceso selectivo, reflectida no apartado «requisitos» non se baremará.

Valorásense os cursos convocados e organizados polo sector público, nos termos da Lei 40/2015, de 01 de outubro, tales como Universidades, colexios profesionais, institutos ou escolas oficiais, institucións privadas sempre que a acción formativa conte coa colaboración ou homologación dunha Administración ou Institución de Dereito Público. Estarán incluídas, en todo caso, todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións públicas, relacionados co posto, debidamente homologados e sempre que conste número de horas e cun mínimo de 15 horas.



En todo caso sempre serán obxecto de valoración os cursos referentes ás seguintes materias transversais que se determinen nas bases específicas, tales como: Igualdade entre homes e mulleres, loita contra a violencia de xénero, prevención de riscos laborais, idiomas, ofimática e informática, atención ao público e procedemento administrativo común. Expresamente, respecto destes cursos se indica que serán valorables tantos os impartidos polo sector público, coma polo sector privado, con un mínimo de 8 horas, de xeito que cada hora destes cursos entre 8 horas e 15 horas se valorará con 0,5 puntos/curso. A partir das 15 horas aplicarase a valoración do curso que se establece na táboa xeral que se expresa a continuación.

A valoración da dita formación realizarase conforme aos criterios sinalados a continuación, e ata o máximo de puntos que se expresan nestas bases específicas:

DURACION	PUNTOS
Entre 15-49 horas	0,10
Entre 50-99 horas	0,20
Entre 100 - 299 horas	0,40
Entre 300 - 599 horas	0,80
A partir de 600 horas	1,50

Para a acreditación desta formación deberase achegar copia do título correspondente ou certificado acreditativo expedido pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa. Nos devanditos documentos acreditativos deberá constar a data de realización dos mesmos, a súa duración, así como o seu obxecto.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 15 horas (salvo transversais, nos termos expresados), nin a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Unicamente consideraranse accións formativas completas, non sendo puntuables módulos individuais do programa da acción formativa se esta non está integramente relacionada coa formación indicada como valorable na convocatoria.

#### 4.3.- Coñecemento do idioma galego, ata un máximo de **1 punto**:

Para garantir o uso do galego nas relacións ca Administración, será valorada a posesión do Certificado de Lingua Galega (CELGA) segundo a seguinte táboa ou titulación equivalente, sendo esta homologada pola Xunta de Galicia (valorarase soamente o nivel de grao superior):



NIVEL COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO	Puntos
CELGA I ou equivalente	0,20
CELGA II ou equivalente	0,40
CELGA III ou equivalente	0,60
CELGA IV ou equivalente	0,80
CELGA V ou equivalente	1,00

#### 4.4.- Entrevista persoal, ata un máximo de **1 punto**:

Consonte ao disposto no artigo 61.5 do TRLEBEP establécese que as bases específicas poderán establecer o desenrolo dunha entrevista persoal como proba complementaria cuxa funcionalidade se limitará á vertente aclaratoria da extensión dos méritos alegados e a finalidade que debe perseguir será a de profundar na valía, a aptitude ou a adecuación do aspirante cos labores asignados ao corpo, escala, subescala ou categoría laboral á que pertenza a praza ou as prazas ofertadas no procedemento selectivo.

#### 5ª.- Empates:

En caso de empate, dirimirase aos criterios establecidos nas Bases Xerais de Contratación do Persoal Temporal deste Concello.

6ª.- Por Resolución do Alcalde determinarase a composición da **Tribunal de Selección** cuxa composición se acomodará ao disposto nas Bases Xerais de Contratación do Persoal Temporal deste Concello.

#### 7ª.- SÉTIMA. RESOLUCIÓN E FORMULACIÓN DE CONTRATOS

O Tribunal de Selección emitirá a correspondente acta das puntuacións obtidas ó longo do proceso selectivo, sendo a calificación final do proceso selectivo a suma das puntuacións obtidas en cada apartado do proceso selectivo. Superarán o proceso selectivo aqueles aspirantes ordenados segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de prazas convocadas. Unha vez rematada a selección, o Tribunal fará pública a relación na sede electrónica.

Finalizado o proceso de selección elevarase ó órgano competente proposta dos candidatos para a formulación dos correspondentes contratos laborais.

A Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ós dos postas que se convocan.



A Alcaldía seleccionará ao candidato/a (1) que quedaran na posición máis alta do listado, quedando os demais en lista de reserva – bolsa, cuxo funcionamento fica regulado nas Bases Xerais de Contratación Temporal.

#### 8ª.- INCIDENCIAS

O Tribunal está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

#### 9ª.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido nas Bases Xerais e ao establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que e se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postas de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

En Amoeiro

O ALCALDE



**ANEXO I.- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de SOCORRISTAS**

Don/a..... ,

con DNI..... e domicilio en .....

nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL DE (2) SOCORRISTAS

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó cargo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

- Ter sido informado polo Concello que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

En Amoeiro a ..... de ..... 2022.

FIRMADO: .....



## ANEXO II: Criterios sociais de integración laboral:

Mulleres e maiores de 45 anos	1Copia compulsada do DNI.
Mulleres vítimas de violencia de xénero	1Copia compulsada do DNI. 2 Documentación sentenza xudicial e/ou orde de protección
Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato	1Informe de vida laboral 2 Copia compulsada do DNI. 3Copia compulsada titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado
Persoas paradas de longa duración Parados de longa duración: aqueles que leven máis de 1ano en desemprego	1Copia compulsada do DNI 2 Certificado/Informe de Vida laboral ou certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia.
Persoas con discapacidade	1Copia compulsada do DNI 2 Certificación correspondente da discapacidade .
Persoas desempregadas que esgoten as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	1Copia compulsada do DNI 2 Certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia
Integrantes de colectivos desfavorecidos, ou en risco de exclusión social	1Copia compulsada do DNI 2 Informe da traballadora social para acreditar colectivos desfavorecidos
<i>Menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias</i> Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional	1Copia compulsada do DNI 2Informe/certificado de Oficina/Servicio Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI'S
<i>Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e filias menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento</i>	1Copia compulsada do DNI  2Acreditarase coa presentación do libro de familia e certificado de convivencia que se facilitará no concello.

En Amoeiro a ..... de ..... 2022.

FIRMADO: .....

